

CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE VALORIZACIÓN ENERXÉTICA DA BIOMASA (AVEBIOM) PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA BIOMASA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar con Asociación Española de Valorización Enerxética da Biomasa (en diante, AVEBIOM, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e rematará o 31 de decembro de 2026, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o INEGA e AVEBIOM para a realización de actividades de difusión das posibilidades técnicas, de integración, económicas e financeiras das distintas opcións de uso da biomasa térmica na edificación entre os cidadáns, levando a cabo as accións de divulgación que máis adiante se indican, todo iso no marco das actividades que AVEBIOM desenvolve para a promoción da biomasa.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

INEGA constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

Neste momento, o INEGA considera necesario actuar sobre o conxunto da poboación galega, xa que é necesario difundir o coñecemento desta tecnoloxía por ser cada cidadán un potencial usuario e/o un elemento para ter en conta á hora de tomar unha decisión e que AVEBIOM é o mellor instrumento para iso xa que é a asociación que máis amplamente representa o sector da biomasa térmica en edificios en España.

AVEBIOM é unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito estatal, que representa as empresas do sector da biomasa, e ten como obxectivos a promoción e o desenvolvemento do sector da valorización enerxética da biomasa en España, representación e defensa dos intereses do sector, promoción de iniciativas para contribuír ao desenvolvemento sostible do medio rural, a conservación do medio, a innovación no medio rural e a organización da produción para contribuír á calidade de vida.



Ademais, tamén colaborará coas administracións públicas e con calquera outra entidade ou organismo en asuntos de interese para o desenvolvemento da bioenerxía. Neste marco, o 20 de febreiro do presente ano subscribiu un convenio de colaboración coa Entidad Pública Empresarial Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), publicado no BOE do 5 de marzo de 2026, para a realización de campañas de difusión das distintas opcións de uso da biomasa. Cómpre sinalar, en todo caso, que as actuacións financiadas ao abeiro dese convenio son plenamente independentes das previstas no presente convenio.

Na actualidade, é necesario continuar avanzando nas novas políticas enerxéticas dentro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima europeo, nacional, autonómico, destacando en canto a este último a "Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050" e a "Axenda Enerxética de Galicia 2030", como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local, como é o caso da enerxía biomasa térmica.

É por isto que, INEGA e AVEBIOM teñen interese en establecer un marco de diálogo e colaboración para a promoción e difusión da biomasa térmica en Galicia e que os cidadáns coñezan o que significa a Xestión Forestal Sostible e a biomasa de xeito sinxelo e comprensible.

O INEGA colaborará con Asociación Española de Valorización Enerxética da Biomasa (AVEBIOM) no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de vinte mil euros (20.000,00 €) sen I.V.E. engadido, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.641.1 (proxecto 2016 00010) do seu orzamento de gastos para o ano 2026.

O interese compartido no desenvolvemento da actividade supón, á súa vez, que as achegas que a Administración efectúa no seo do convenio non se dirixen a retribuír á outra parte, senón a posibilitar a acción conveniada.

Organizar, promocionar, difundir e levar a cabo en catro localidades diferentes, un "roadshow" ou exposición itinerante nun semirremolque cunha superficie de 60 metros cadrados de exposición.

En canto as localizacións, datas e custo está previsto o seguinte:

CONCELLO	PROVINCIA	DATA
LALÍN	PONTEVEDRA	23 y 24 / 03/ 2026
SILLEDA [FERIA ENERXÉTIKA-26]	PONTEVEDRA	25, 26 y 27 / 03 / 2026
NOIA	A CORUÑA	30 y 31 / 03 / 2026
SARRIA	LUGO	1 y 2 / 04 / 2026





**PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA**

MUNICIPIO:
LALIN

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
23-24/03/2026

CONCEPTO	PRECIO /MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecucion expositiva de la unidad movil	1.600 €		
Suministros, difusion publicitaria, marketing...	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €

**PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA**

MUNICIPIO:
SILLEDA

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
25-26-27/03/2026

CONCEPTO	PRECIO /MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecucion expositiva de la unidad movil	1.600 €		
Suministros, difusion publicitaria, marketing...	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €





**PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA**

MUNICIPIO:
NOIA

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
30-31/03/2026

CONCEPTO	PRECIO /MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecución expositiva de la unidad móvil	1.600 €		
Suministros, difusión publicitaria, marketing....	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €

**PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA**

MUNICIPIO:
SARRIA

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
1-2/03/2026

CONCEPTO	PRECIO /MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecución expositiva de la unidad móvil	1.600 €		
Suministros, difusión publicitaria, marketing....	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €

Para ampliar a información anterior achégase ao expediente do convenio, dossier explicativo que reúne toda a información clave sobre o proxecto divulgativo <BIOMASA EN TU CASA EN GALICIA>.

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar os obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, xerar volume de negocio e evitar a contaminación ambiental, dar a coñecer as empresas e a cidadanía en xeral este sistema de aproveitamento enerxético.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.
A xerente,
Silvia Cortiñas Fernández

